

## MISA CON NENOS

6 de maio de 2018 - Domingo 6º de Pascua-B

Ev. de san Xoán 4, 7-10: *"Isto vos mando: que vos amedes uns a outros".*



**Conducidos por XESÚS e movidos  
polo seu ESPÍRITO, seremos UN.**

## 1. ACOLLIDA

Benvidos irmáns e irmás á celebración do domingo, o día en que Cristo resucitou. As lecturas deste domingo 6º de Pascua dinnos algo importante: “Deus é amor”, “amádevos, pois uns a outros”. Nesta Xornada que a Igrexa dedica ao Enfermo recordemos o amor que Deus nos ten, pero sobre todo o amor preferente polos pobres e polos que necesitan do seu consolo. (Un cartel: “Isto mándovos: que vos amedes uns a outros” e un obxecto).

No nome... - *Xesús que nos invita a vivir e a permanecer no seu amor amando a todos, está convosco.*

## 2. PETICIÓNS DE PERDÓN ou ASPERSIÓN

*(Sacerdote) Deus é amor, coñece as nosas debilidades, pedímoslle perdón.*

*\*(Pai - nai) Deus Amor, que non fas distincións entre as persoas e acolles a todos. Señor, ten piedade de nós.*

*(Catequista) Deus Amor, que nos chamaches e nos destinaches a que amemos e respectemos a todos. Cristo, ten piedade de nós.*

*\*(Neno - nena) Deus Amor, que nos dás a Xesús que entrega a vida por todos e que, Resucitado, é a nosa esperanza. Señor, ten piedade de nós.*

*(En vez do momento de perdón pódese realizar a aspersion):*

*ASPERSIÓN: No gozo destes domingos de Pascua, renovemos agora, coa aspersion da*

*auga, a nosa fe en Xesús, a nosa fe bautismal. (Aspersion)*

*-(Sacerdote) Que Deus todopoderoso nos purifique do pecado e, pola celebración desta eucaristía, nos faga dignos de participar do banquete do seu reino. Amén.*



### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Pedro, movido polo Espírito decide acoller na comunidade a xente distinta, diferente a eles, porque Deus non fai distincións. A carta de Xoán pídenos que nos amemos uns a outros. E no evanxeo, Xesús recórdanos o seu mandamento: que nos amemos uns a outros para permanecer no seu amor.

## LECTURAS

### **HECHOS 10,25-26,34-35,44-48:** *Deus non fai distincións.*

Cando ía entrar Pedro, Cornelio saíulle ao encontro e, prostrándose, quíxolle render homenaxe. Pero Pedro levantouno dicíndolle: - *“Levántate, que son un home coma tí”*. Pedro tomou a palabra e díxolles: - *“Agora comprendo con toda verdade que Deus non fai acepción de persoas, senón que acepta o que o teme e practica a xustiza, sexa da nación que sexa”*.

Aínda estaba falando Pedro, cando **baixou o Espírito Santo sobre todos** os que escoitaban a palabra, e os fieis da circuncisión que viñeran con Pedro sorprendéronse de que o don do Espírito Santo se derrámase tamén sobre os xentís, porque os oían falar en linguas estrañas e proclamar a grandeza de Deus.

Entón Pedro engadiu: -*“Pódese negar a auga do bautismo aos que recibiron o Espírito Santo igual ca nós?”*. E mandou bautizalos no nome de Xesucristo. Entón rogáronlle que se quedase uns días con eles.

***Palabra do Señor.***

### **SALMO 97:**

**O Señor revela ás nacións a súa salvación.**

### **1ª XOÁN 4, 7-10:**

*Amémonos uns a outros.*

**XOÁN 4, 7-10:** *Isto vos mando: que vos amedes uns a outros.*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** - *Como o Pai me amou, así vos ameí eu; permanecedes no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, **permanecedes no meu amor**; o mesmo que eu gardei os mandamentos de meu Pai e permanezo no seu amor. Faleivos disto para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría chegue a plenitude.*

**Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ame.** *Ninguén ten amor máis grande que o que dá a vida polos seus amigos. Vós sodes os meus amigos, se facedes o que eu vos mando. Xa non vos chamo servos porque o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós chámovos amigos, porque todo o que oín a meu Pai déivolo a coñecer.*

*Non sodes vós os que me elixistes, son eu quen vos elixín e destineivos para que vaiades e deades froito, e o voso froito permaneza.*

*De modo que o que pidades ao Pai no meu nome volo dea. **Isto mándovos: que vos amedes uns a outros**".* Palabra do Señor.

*(Narrador-Xesús)*

## 4. ORACIÓN COMUNITARIA

**(Sacerdote)** *No nome de Xesús pedimos ao Pai que escoite e acolla a oración que lle diriximos neste momento, dicindo:*

**-Acende en nós o amor.**

- 1.- Para Polos que formamos a Igrexa, para que repartamos o amor de Deus a mans cheas en xestos de servizo e entrega, construíndo un mundo máis xusto. Oremos.
- 2.- Polos pobres, polos que se senten desprezados ou excluídos, para que con feitos fraternos lles fagamos chegar a mensaxe de amor de Xesús. Oremos.
- 3.- Por todos os que participamos nesta Eucaristía, para que seguindo o mandato de Cristo nos respectemos e nos amemos uns a outros como el nos amou. Oremos.
- 4.- Por todos os enfermos, para que a ninguén lle falte o acompañamento e a parroquia se faga presente na dor. Oremos.
- 5.- Polas persoas que coidan aos enfermos ou están preto deles, para que sexan capaces de mostrar o rostro de Xesús e amar os que sofren como el o fixo. Oremos.
6. Polos que comezamos este bonito mes de maio para que recemos todos os días á nosa nai a Virxe agradecéndolle o seu amor e o seu coidado cotián. Oremos.



## 5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

### TELÉFONO MÓVIL:

Pai, amosámosche este móbil que tanto utilizamos e que nos mantén en contacto cos nosos, porque queremos estar dispoñibles para amar e servir en todo momento.

### VELAS:

Achegamos ao altar as velas que nos dan luz para descubrir que ti nos amaches primeiro, e que ese amor está vivo en cada un de nós.

### PAN E VIÑO:

Ofrecémosche o pan e o viño, que en poucos minutos serán Amor con maiúscula, repartido en alimento divino aos homes e mulleres do mundo.




## 6. SUXESTIÓNS

- Preparamos uns “octavillas”, lapis, bolígrafos e rotuladores. Pedimos a cada neno que debuxe a súa cara e logo pínchaa nun cartel grande. No panel poñemos un debuxo de Xesús e unha frase: *“Con este xesto agradecemos a Xesús o que nos elixise como os seus amigos e tamén lle dicimos que nos esforzaremos para non separarnos nunca do seu lado”*.

-Na homilía poderíase explicar o cartel de Fano coa barca no que vemos a barca da Igrexa na que imos todos os amigos de Xesús, conducidos por el e movidos polo seu Espírito. Na borda varios rapaces forman a palabra UNO: Se **U**nimos as nosas mans, se abrimos os **N**osos brazos para acoller e xuntamos as mans para **O**rar, seremos **U**NO. E o sacerdote cos rapaces trata de concretar esta invitación na nosa familia, no noso traballo e comunidade.

-Hoxe celébrase o día do enfermo. Poderíase preparar algún xesto con eles facéndoos presentes na eucaristía con algún testemuño, as preces, ou visitando os nenos aos enfermos levándolle algunha mensaxe co sacerdote que lle achega a comunión.

-Comeza o mes da Virxe. Podemos decorar unha zona cun lenzo, unha imaxe de María con flores e un cartel. Nalgúns lugares declámanse poesías á Virxe, algún canto ou unha pequena oración.



Meu Deus, Ti quixeches que miña nai me dese a vida; sen ela eu non existiría.

Quero expresarlle o meu mellor recoñecemento e no esquecer nunca os sacrificios que por min se impuxo.

Durante longos meses levoume dentro de si; durante anos velou por min e agora segue traballando sen cesar.

Foi a primeira en falarme de ti e ensinarme a rezar. Hoxe pídoche especialmente por ela.

Bendí a mina nai e dálle todo o ben que me fixo no teu nome, posto que eu son incapaz de agradecerllo e comprendela como se merece.

Tamén eu quero velar por ela.

Prométoche, Señor, facela máis feliz, co meu agarimo ofrecéndolle a miña axuda coa mellor vontade rodeándoa de delicadeza e afecto.

Graciñas Señor, pola nai que me regalaches, graciñas tamén pola mamá do ceo!



## Posible oración de grazas

*Só vos pido que vos amedes*

**Ti, Señor,** dixéchesnos: "*unha cousa pídivos: que vos amedes*".

**Axúdanos** a non facer do amor unha carta de poesía, nin servir o amor en pequenas doses, nin ofrecer o amor a segundo quen e como.

**Axúdanos** a ver nos irmáns, o teu rostro, a envorcarnos por amor aínda que recibamos abrollos, a ser servos antes que donos.

**Axúdanos** a pedir a forza do alto para vivir no chan, a buscar o ceo sen perder o vértice da terra e a vivir na terra sen perder o ancho ceo.

**Axúdanos** a coñecerte amando sen esperar nada a cambio, a revelarte polo amor que sementamos, a anunciarte co amor que regalamos.

**Axúdanos** a seguir as túas pegadas polos sendeiros do amor, a seguir as túas Palabras con palabras de amor, a meditar as túas accións con accións de amor, a fortalecer nosa fe co compromiso no amor.

**Axúdanos, Señor,** a ir ao fondo de todo porque, no fondo dese todo, hai unha fonte de amor. E esa fonte de amor e de tenrura, es Ti, Señor

RED CATEQUISTAS GALICIA